

1. Identifica os adxectivos e completa a táboa poñendo o adxectivo e o substantivo ao que acompaña. Por orde de aparición na lectura.

Un cambio radical

Daniel era un rapaz medroso. Causábanlle terror os temibles fantasmas, as bruxas malvadas, os ogros malencarados... Por iso, as noites facíanselle longuísimas. Un día, a súa avoa materna deulle unha fórmula máxica para vencer o medo: ter preparados varios sustos para cando viñesen. Desde aquela, Daniel é o rapaz máis valente que coñezo.



SUBSTANTIVO	ADJECTIVO
cambio	radical

2. Escolle: Cando é necesario empregar moitos adxectivos?

- Cando escribimos unha receita de cociña.
- Cando facemos o retrato dunha persoa.
- Cando redactamos unha noticia.
- Cando escribimos as regras dun xogo.

3. Localiza os adxectivos e completa a táboa. En que grado están? Escribeos por orde de aparición. Ten en conta o título.

Un bo lugar para vivir



O meu amigo Mateo e mais eu vivimos na mesma vila. El vive nunha zona residencial de rúas largas e edificios altísimos. Eu, en cambio, vivo nun barrio de rúas moi estreitas e de edificios menos altos ca os da súa zona, pero máis antigos ca aqueles. Aínda que hai pouco que vive aquí, Mateo está tan orgulloso coma min da nosa vila. De feito, trátase dunha localidade pequena, pero moi bonita.

GRADO POSITIVO	GRADO COMPARATIVO	GRADO SUPERLATIVO